

# A PRIMEIRA BATEA DE GALICIA


Luís M<sup>a</sup> Pérez González

Sobre a orixe do cultivo do mexillón en Galicia atopei como versión máis difundida a que expón o biólogo e investigador do tema, Buenaventura Andreu: *“En España o cultivo do mexillón sobre cordas colgantes iniciouse en Tarragona no ano 1901, estendéndose a Barcelona en 1909. En Galicia o primeiro ensaio industrial de cultivo a flote verificouse na ría de Arousa no ano 1946. Seguiuse como patrón o sistema utilizado en Barcelona, a onde se desprazou, na data indicada, D. Manuel Trigo, a quen se deben as primeiras experiencias.”*

Outra versión é a que da o profesor da Universidade de Santiago, Francisco López Capont: *“A pequena historia da miticultura galaica comeza coa primeira concesión oficial ao xuíz Moratinos para instalar -cara os anos trinta- unha batea en Bouzas (Vigo)”*

Pois, nin foi na Ría de Arousa, nin en Bouzas. A aclaración a estas confusas referencias chegoume por parte dunha das persoas citadas, o Sr. Otero Moratinos, quen me aportou documentación e información con todos os detalles sobre tal feito, e que paso a relatar.

En 1932, Manuel Otero Moratinos, por aquel entón Secretario do Xulgado Municipal de Bouzas, viaxou a Barcelona onde ao ver os viveiros flotantes de mexillón, comezou matinar na posibilidade de trasladar a experiencia á ría de Vigo. Ao chegar a Vigo, xunto co seu amigo Pedro Vázquez de Puga e Pereira, estudaron o proxecto e decidiron solicitar autorización, a través da Axudantía de Mariña de Cangas, para instalar unha batea en augas próximas a Tirán. No B.O.E. de 20 de Agosto de 1932, dáselle concesión por catro anos prorrogables, e detállase a situación: *“O viveiro será convenientemente fondeado en augas do distrito de Cangas (Ría de Vigo), na intersección das oposicións da Igrexa de Tirán coa Punta de Santa Trega (Guixar), e de Punta Rodeira con Punta Arroás. Amosará en sitio visible de todos os puntos do horizonte un taboleiro non menor de 1,20 m de longo por 0,60 m de ancho, no que se pintará por ambas caras e en cores ben destacados a palabra “Vivero”. Durante a noite e dende a posta de sol terá izada a luz de fondeo regulamentaria”*



Construíuse a batea utilizando como flotador un dos caixóns en que chegaban embalados a Vigo os coches que enviaba a General Motors, mercado ao Garaxe Americano por 300 pesetas, e imitando ás catalanas existentes, coas previas capas de chapapote, cordas colgantes, etc.



Fondeouse a batea no lugar mencionado, quedando ao seu cargo o veciño de Tirán, Enrique Juncal Iglesias, máis coñecido polo alcume de “O Caranguexo”. Este home morreu a consecuencia dunha pulmonía que colleu ao tirarse ao mar, e tratar de salvar a batea que ía ao garete por mor do forte temporal que aconteceu o día 2 de febreiro de 1933.

Cando Manuel Otero Moratinos tivo que ausentarse de Vigo por traslado laboral a Santiago, onde desempeñou a profesión de Procurador, cedeu ao seu socio e amigo a participación na mexilloneira que el “case inventara”.

O viveiro flotante de mexillón instalado na costa de Tirán-Moaña, funcionou durante algún tempo. A experiencia non foi longa, mais suficientemente significativa para ser considerada como pioneira do cultivo do mexillón en Galicia.

A historia do cultivo do mexillón en Galicia debe empezar así:

**“En 1932 instalouse en Tirán, na Ría de Vigo, a primeira batea de Galicia, ...”**

(Artigo escrito coa información facilitada por D. Manuel Otero Moratinos, no ano 1990, e documentado na revista “Industrias Pesqueras”, nº 1.114 de 15/09/1973, artigo “Miticultura en Galicia. La primera concesión”)